

BOIRO

SITUACIÓN

Atópase ó pé da mitolóxica serra do Barbanza, no mar de Arousa; por onde, segundo conta a tradición, entrou en Galicia o corpo do Apóstolo Santiago aló polo ano 44 d. de C.

ETIMOLOXÍA/TOPÓNIMO

A opinión máis estendida entre os especialistas é que o nome de "Boiro" ten o significado de brétema ou néboa... Outra posibilidade é que derive de "Bouro" ou "Bo ouro" facendo referencia á calidade do metal atopado nestes lugares. Por último, dise que debe o seu nome á tribo sueva dos Burios, que asentou nestes lugares.

CRONOLOXÍA/ HISTORIA

Estudos e achádegos amosan que xa no Paleolítico Inferior existía vida humana en Boiro, o que o converte nun dos poboaementos máis antigos de Galicia.

Entre os límites boirenses atopamos vestixios de tres momentos da prehistoria galega:

A Cultura megalítica: representada por antas como a casota do Páramo ou a Arca do Barbanza e mámoas.

A Idade de bronce: exemplos de arte rupestre como os petroglifos de Agüeiros, Bealo ou a laxe da cabra.

A Cultura castrexa: os castros de Neixón, do Achadizo e o coto da Moureira.



Para aproveitar a riqueza mineira (ouro e estaño) de Boiro, os romanos construíron calzadas e estableceron fortes destacamentos. Temos noticia dunha vía romana que nacía en Caldas, pasaba por Bealo atravesando os ríos Beluso e Brea para logo subir polas abas do Barbanza (Cures...) en dirección a terras noiesas. Un deses destacamentos debeu aloxarse no castelo de Vîtres que talvez deba o seu nome á lexión VI Victrix.

A historia de Boiro aparece intimamente ligada á catedral de Santiago, pois en tempos do bispo S. Pedro de Mezonzo, o conde D. Bermudo fixo que desenvolvese na igrexa de Santiago os bens e fachendas de que fora privada en tempos pasados.



O convento de monxas de San Estevo de Boiro, foi un dos arrasados no tempo das invasións normandas, e S. Pedro non creu oportuno reedificar un convento de monxas nestas paraxes de costa, e agregounas ó mosteiro de Ante-Altarens en Santiago no ano 990 d.C.

O arcebispo Xelmírez, levantou de nova planta, entre outras, a igrexa de Sta. Baia de Boiro.


En abril de 1112 d.C. a raíña Dña. Urraca cedeu a Xelmírez tódalas herdades e servos que pertencían á voz Real nas igrexas de San Vicente de Sispalona (Cespón), Monumenta (Moimenta) e Corrorium (Coroño).




Unha interesantísima testemuña da historia de Boiro é a torre de Goiáns antiga fortaleza medieval que pertenceu ós Mariño, unha das liñaxes de primeiro rango nobiliario da costa galega, e da que xa falamos na anterior edición. Talvez da mesma época sexa a Torre dos Canónigos no lugar de Cabo de Cruz, hoxe moi desfigurada polas transformacións que sufriu.

No século XVI xorden en Boiro pazos e casonas propiedade dunha nobreza fidalga que seguía exercendo o control sobre as comunidades rurais dos seus antigos señoríos.

Destacados exemplos son o de Fonteneixe, pazo excepcionalmente restaurado localizado no Camiño Real (Boiro) que posúe unha completa pinacoteca de artistas galegos. Agueiros, tantas veces inmortalizado nos cadros de Roberto González del Branco; o pazo de Vilariño, a casa de Vimieiro e a Granxa do Esteiro.





Esparexidas por todo o termo municipal podemos atopar un bo número de casas brasonadas: casa da Tenencia (Camiño Real de Boiro), casa do priorado de Cespón... ou máis humildes como as casas asoportadas no lugar de Abanqueiro que son verdadeiras obras de arte testemuñas de tempos pretéritos.



A arquitectura relixiosa tamén ocupa un lugar destacado no patrimonio cultural boirense. Moitas son as igrexas, capelas, ermidas... localizadas nestas terras, pero quizais os exemplos máis significativos sexan a igrexa parroquial de S. Vicente de Cespón (que conserva un fermoso baldaquino de pedra, un bonito retablo barroco e tamén existe nela un fragmento da tibia de San Vicente), A igrexa parroquial de Sta. Baia de Boiro, a parroquial de San Cristovo de Abanqueiro (un claro exemplo de Románico) e a parroquial de Santiago de Lampón un fermoso templo románico rural que conserva un antigo retablo barroco e na que se observa un escudo na fachada que fai referencia ós Mariño.



Debemos citar moitos cruceiros existentes no concello entre eles o calvario de Cespón, o cruceiro da Magdalena, e o de Fonteneixe... Os máis vellos de Abanqueiro recordan a existencia dun Viacrucis que se estendía entre a parroquial e a veciña capela de Nosa Sra. de Exipto, situándose as estacións ós dous lados do camiño. Desgraciadamente, como acontece con tantas outras cousas, non se conserva ningunha destas cruces.



O.T.L.

